

ESCOLAS MUNICIPAIS

2023-2024

CONCELLO DE
SAN
XEN
OXO



Información xeral

Pregamos ler con atención

- ✓ A inscrición realizarase no Rexistro do O.A. Terra de Sanxenxo de calquera das seguintes maneiras:
 - Presencial na Casa do Concello (Avda. Madrid, 1 – 36960 Sanxenxo).
 - Na sede electrónica do O.A. Terra de Sanxenxo (<https://terradesanxenxo.sedelectronica.gal>). Para elo será necesario dispoñer de DNI electrónico, certificado electrónico ou sistema de autenticación Cl@ve.

Na inscrición deberá indicarse o número de conta no que se desexe domiciliar os pagos das mensualidades correspondentes.

Deberase achegar a seguinte documentación (non necesaria si se achegou o curso 2022/23):

- Fotocopia do libro de familia.
 - De ser o caso, título de familia numerosa.
- ✓ As actividades darán comezo o 16 de outubro de 2023 e rematarán o 30 de maio. As clases impartiranse segundo o calendario escolar polo que nos períodos de vacacións e os días 13 de outubro, 7 de decembro e 16 de maio non serán lectivos.
 - ✓ Os casos de problemas legais de tutela ou doutro tipo que afecten á relación materno/paterno/filial deberanse comunicar e acreditar co documento legal pertinente.

- ✓ Nin o Concello de Sanxenxo nin o profesorado das Escolas se fan responsables do coidado do alumnado fóra do seu horario de actividade.
- ✓ No caso de producirse algún accidente durante a actividade a asistencia sanitaria correrá a cargo do seguro do pai/nai/titor/a do alumno/a.
- ✓ Os pagos das cotas mensuais do Centro de Arte e da Ludoteca efectuaranse, a mes vencido, a través de domiciliación bancaria. Os gastos bancarios de devolución, se os houbera, correrán a cargo da persoa solicitante.

Descontos nas mensualidades:

- Familias numerosas de categoría xeral: 50 %
- Familias numerosas de categoría especial: exentas
- Familias con 2 irmás/ns inscritas/os: 25% a cada un/ha nas mensualidades.

Máis información:

Pazo Emilia Pardo Bazán

(Trav. Miraflores, 3A – 36960 Sanxenxo)

educacion@sanxenxo.org / Telf. 986 727 936

Ludoteca

Queres divertirte e pasalo ben? Ven á Ludoteca!

Actividade lúdico-educativa na que, a través de xogos e actividades dinámicas e divertidas, descubriremos, experimentaremos e exploraremos (contacontos, teatro, obradoiros, xogos cooperativos, baile, psicomotricidade...)

DESTINATARIOS: alumnado de Educación Infantil e de 1º a 4º cursos de Educación Primaria.

LUGARES E HORARIO

CEIP A FLORIDA	Luns de 16,00 a 17,30 h
COLEXIO ABRENTE	Luns de 16,45 a 18,15 h
CEIP TELLEIRO CEIP NANTES	Martes de 16,00 a 17,30 h
CEIP PORTONOVO	Mércores de 15,30 a 17,00 h
CEIP CRUCEIRO CEIP MAGALÁNS	Xoves de 16,00 a 17,30 h

Prazas limitadas.

De non comunicarse o contrario, todos/as nenos/as inscritos/as deberán presentarse o primeiro día da actividade.

COTA MENSUAL: 8 €

Centro de Arte

Espazo adicado ó desenvolvemento da expresividade artística como vehículo de comunicación das ideas e das emocións, na procura da creatividade, do pensamento crítico, da autoconfianza e da maduración da personalidade. Contribuindo, ademáis, á construción da bagaxe cultural do alumnado a través de coñecementos teórico-prácticos da Historia da Arte.

DESTINATARIOS: alumnado a partir de 2º de Educación Primaria e ESO.

LUGAR E HORARIO: Pazo Emilia Pardo Bazán.

2 clases semanais os luns e mércores en horario a elixir:

16,00-17,15 h.

17,15-18,30 h.

18,30-19,45 h.

INSCRICIÓN: ata o 4 de outubro. Manterase aberta sempre que haxa prazas dispoñibles.

Terán preferencia na admisión o alumnado inscrito no curso 2022/23. A adxudicación de horarios farase segundo a orde de inscrición.

Prazas limitadas a 10 alumnos por clase.

COTA MENSUAL: 9 €

O Centro de Arte velará polo coidado do material e obras que se atopen na aula, pero declina toda responsabilidade por extravíos, danos ou calquer prexuízo que poida acontecer ao longo do curso ou exhibicións.

Técnicas de estudo

Traballaremos a motivación, autoestima, organización e planificación, lectura comprensiva, expresión escrita e oral, creatividade, relaxación, habilidades sociais, aprendizaxe significativo e traballo individual e grupal.

DESTINATARIOS: alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e ESO.

LUGARES E HORARIOS: para a Educación Primaria levarase a cabo nos centros educativos sempre e cando haxa un número mínimo de preinscricións que permita levar a cabo a actividade. De non ser así, o alumno/a poderá asistir á actividade no Usos Múltiples de Portonovo. A Concellería de Educación poñerase en contacto coas familias para a confirmación do lugar e horario definitivo.

EDUCACIÓN PRIMARIA (5º E 6º)

CEIP A FLORIDA	Luns de 16,00 a 17,00 h
COLEXIO ABRENTE	Luns de 16,45 a 17,45 h
CEIP TELLEIRO CEIP NANTES	Martes de 16,00 a 17,00 h
CEIP PORTONOVO	Mércores de 16,00 a 17,00 h
CEIP CRUCEIRO CEIP MAGALÁNS	Xoves de 16,00 a 17,00 h
USOS MÚLTIPLES PORTONOVO	Luns ou martes de 17,30 a 18,30 h

ESO

USOS MÚLTIPLES PORTONOVO	Mércores ou xoves de 17,30 a 18,30 h
-----------------------------	--------------------------------------

PREINSCRICIÓN E INSCRICIÓN: debe realizarse unha preinscrición antes do 10 de outubro solicitando o lugar e horario desexado no seguinte enlace: <https://bit.ly/preinscriciontecnicasestudo>

Unha vez confirmado por parte da Concellería de Educación o lugar e horario definitivo deberase formalizar a inscrición no rexistro do O.A. Terra de Sanxenxo. **A formalización da inscrición supón a obrigatoriedade do pago da taxa correspondente.**

CHARLA INFORMATIVA: no Usos Múltiples de Portonovo o venres, 6 de outubro ás 20,30 h.

TAXA DE INSCRICIÓN: 20,00 €

Unha vez formalizada a inscrición remitirase por correo electrónico a carta de pago para realizar o ingreso.

- Están exentas do pago da cota as familias numerosas de categoría especial.
- Desconto do 50 % ás familias numerosas de categoría xeral.